




ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ, Pablo; REBOLLO ESPINOSA, María José y CHAVES VASCONCELOS, María Celi (coords.). *Patrimonio histórico educativo en femenino: objetos y sensibilidades*. Gijón: Trea, 2023, 304 pp. ISBN 978-84-10263-37-6

*Al pasar la barca
me dijo el barquero
las niñas bonitas
no pagan dinero.¹
Don Federico
perdió su cartera
para casarse*

¹ Fragmento de cantiga infantil popular.

*con una costurera.
La costurera
perdió su dedal
para casarse
con un general.²*

*Las olvidadas
Las que escondían pan en el mimbre
Las perseguidas
Y señaladas en todo el pueblo
Las exiliadas
Las que jamás volvieron a ver
Correr a sus hijas
No olvidaré
Para que haya servido de algo tanto desvelo
Para que no se pierda el poema bajo el sombrero
No olvidaré
Para poder hablarle a mis hijos de los abuelos
Para que un día al fin descansen, justos, los huesos
No olvidaré
A las maestras
Que tanto hicieron por esta letra.³*

Hai libros que non se poden ler simplemente percorrendo as súas liñas impresas: ábreñse, coma quen abre un mapa, unha xanela a outro

² Fragmento de cantiga infantil popular.

³ Pastor, Pedro e Los Locos Descalzos (2021). *Los Olvidados* [Canción]. En *Vueltas*. Autoeditado.

tempo, unha caixa de costura herdada chea de fíos dos que tirar, ou un cabás onde aínda latexan os ecos dunha escola que xa non existe. *Patrimonio histórico educativo en femenino: objetos y sensibilidades* é un destes libros capaces de converter a lectura nunha experiencia sensorial. Ao abrillo, non atopamos só investigación rigorosa; atopamos o ecoar das voces silenciadas, o alumear dos obxectos que acompañaron a vida de nenas e mulleres durante máis dun século.

O volume preséntase como un almanaque de sensibilidades, un inventario afectivo do que fomos, do que nos ensinaron a ser e do que algunhas quixeron, puideron —ou mesmo ousaron— ser. Coordinado por Pablo Álvarez Domínguez, M.^a José Rebollo Espinosa e M.^a Celi Chaves Vasconcelos, o libro compila arredor dun cento de pezas procedentes do patrimonio escolar andaluz, revisitadas desde unha perspectiva que non é só de xénero, é tamén de memoria e de restitución histórica.

Como lembra a Presentación da obra, a historia da educación non pode escribirse sen recuperar a voz da metade da poboación que foi sistematicamente invisibilizada nas narrativas institucionais e museográficas. Por iso este libro non se limita a describir obxectos: escoita o que contan, repara nas fisuras, nos desgastes, nos silencios; cada peza é un territorio emocional, un resto arqueolóxico da vida cotiá das nenas e das

mulleres que habitaron a escola, o fogar e o espazo público nun tempo onde a palabra non lles era concedida. Abrir este libro supón entrar nunha sorte de museo vivo no que os obxectos non dormen, agardan por nós.

A obra ábrese cun Prólogo de Pilar Alegría Continente, sinalando que se trata dun libro que:

axuda a repensar a nosa historia educativa desde un punto de vista feminino e que nos permite reconstruír o espazo que as nenas e as mulleres tiveron nas aulas e, como consecuencia, na sociedade. Un lugar, en moitas ocasións, invisibilizado e silenciado. O libro, polo tanto, convidanos a reflexionar sobre como o modelo de educación que recibimos cando somos nenos e nenas ten un impacto definitivo na configuración da nosa personalidade adulta. Empúxanos a viaxar ao pasado para atopar respostas aos roles de xénero e aos comportamentos actuais. E, sobre todo, esta obra debe facernos pensar no presente e no futuro da nosa educación. Debe impulsarnos a seguir construíndo un sistema educativo máis aberto, flexible e vangardista, onde se superen os roles de xénero tradicionais para construír un modelo de sociedade máis igualitaria. Este libro súmase ao importante labor de divulgación do patrimonio educativo feminino que se está desenvolvendo no Museo Pedagóxico da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Sevilla desde hai máis dunha década. Un traballo que permite difundir e interpretar un conxunto de bens patrimoniais educativos desde unha perspectiva de xénero (p.20).

A Ministra de Educación, Formación Profesional e Deportes, reivindica deste modo o

estudo dos obxectos escolares como vía para reconstruír os modelos identitarios e os roles de xénero que estruturaron a educación española do século XX, lembrando que estes utensilios conforman “unha sorte de enxoval escolar” que nos axuda a comprender “quen somos e baixo que modelos pedagóxicos fomos educadas” tanto os homes como, sobre todo, as mulleres.

Na Presentación, Álvarez, Rebollo e Chaves (a coordinación da obra) contextualizan teoricamente o proxecto destacando que “a investigación patrimonial histórico-educativa ábrenos novos horizontes e perspectivas para xerar coñecemento hermenéutico ao fio da interpretación do enxoval etnográfico e arqueolóxico da escola” (p. 21) e, igualmente, reivindicando a necesidade dunha museoloxía da educación que integre o xénero como categoría analítica central, lembrando que o patrimonio educativo e escolar só pode ser interpretado de maneira plena cando recuperamos a memoria feminina: os seus obxectos, as súas prácticas materiais, as súas rutinas e, tamén, as súas ausencias.

A estrutura do libro —98 pezas, cada unha acompañada por un texto breve e ensaístico de diferentes autorías— fai lembrar un catálogo literario, un inventario emocional onde o obxecto é o pretexto para falar da vida. Desde un “botixo” (que se facían de barro) até un microscopio; desde unha regra até un misal; desde o cabás

infantil até as medallas de boa conduta; desde unha pandeireta até unha lámina do aparello reprodutor feminino. O libro funciona así como unha arqueoloxía da sensibilidade feminina, revelando as capas simbólicas, pedagóxicas e afectivas que agroman de cada artefacto ao ser revisitado. Cada peza tórnase pois un organismo vivo, un vestixio afectivo que conserva marcas e desgastes, despertando lembranzas e silencios.

A voz dos obxectos: desde o botixo ata as estampas da primeira comunión como cartografía da memoria

O volume abre cun evocador texto de Elena Rocamora Sotos e Javier Bascuñán Cortés, *Botijo. Parece un augurio de Higia*, fundindo memoria persoal, etnografía e simbolismo arredor dun botixo: levar auga á escola e á casa como xesto educativo, como rito que lembra tamén a transmisión xeracional das tarefas domésticas tradicionalmente destinadas ás mulleres. Os camiños da fonte, as cantigas infantís e a mestura de traballo e xogos que definían as rutinas das nenas; o botixo tórnase neste texto nunha metáfora pedagóxica representativa dos demais obxectos que se presentan no libro e aos que precede.

A obra desenvólvese nun permanente hibridar entre o rigor da análise histórico-educativa, o diálogo crítico e a evocación literaria tomando como punto de partida ou pretexto 98

obxectos diferentes,⁴ que dan como resultado diversos capítulos arredor dos mesmos, elaborados por múltiples autorías, que nos permiten identificar varios eixos temáticos que dan unidade ao volume. Cada eixo que aquí propoñemos non configura unha clasificación ríxida, senón un mapa de afinidades que pretende poñer de relevo como a ollada feminista reorganiza o patrimonio escolar. Así, destacamos seis grandes categorías interpretativas, a modo de títulos conceptuais, que procuran permitir comprender mellor a ampla estrutura da obra e a voz plural dos seus obxectos.

Obxectos do corpo: disciplinar, vestir, moldear

Inclúense aquí os capítulos dedicados á mantilla, ao mandil, ás mazas de ximnasia rítmica, ao compás de lousa, ao vestido escolar, ou ás cadeiras de nenas. Estes obxectos mostran como a escola e o fogar exerceron un control continuado sobre o corpo feminino: postura, movemento, indumentaria, e modulación do xesto, da voz e do corpo.

Nestes textos aténdese a unha pedagogía silenciosa do corpo feminino, estruturada arredor da modestia, a orde, a contención e a submisión. En relación a esta cuestión é do caso sinalar, entre outros, *Castañolas. Instrumento artístico y pedagógico del imaginario colectivo andaluz*, capítulo escrito por Bárbara de las Heras Monastero, que debuxa unha sólida síntese histórica desde as *puellae gaditanae* romanas ao cinema folclórico do século XX.

A autora mostra como as castañolas, lonxe de seren só un instrumento musical, configuraron un imaxinario da feminidade andaluza, unha corporeidade específica, vistosa, alegre e ao mesmo tempo disciplinada. A súa análise sobre a progresiva perda do instrumento no flamenco contemporáneo abre un suxestivo debate sobre modernidade, autenticidade e xénero no baile.

Mantilla. La mantilla española, de Virginia Guarinos Galán, ofrece unha análise da mantilla como peza identitaria profundamente asociada á feminidade española. Examina usos, evolución e simbolismos vinculados á tradición. Tamén, Carlos Sanz Simón, contextualiza a mantilla como dispositivo de socialización feminina, especialmente nas cerimoniais relixiosas e sociais dos séculos XIX e XX, en *Entre la cultura y socialización de mujeres y niñas desde el siglo XIX*. E aínda, *Me pongo la mantilla*, de Enriqueta Martín Hidalgo, ofrece un testemuño que conxuga memoria persoal e análise cultural,

⁴ Debido á cantidade de capítulos e autorías que integran a obra, nesta recensión só nos deteremos nunha parte deles a modo ilustrativo. A riqueza do índice e a amplitude temática merece a consulta do libro completo, descargable en: <https://idus.us.es/items/68483026-895f-4a4f-b796-070708733bc2>

mostrando ambigüidade entre tradición e identidade.

Mazas de gimnasia rítmica. ¿Solo un par de mazas?, de Gonzalo Ramírez Macías, revisa o papel das mazas na educación física das nenas, reflexionando sobre o corpo feminino disciplinado, estético e regulado pola escola.

Relacionado tamén cos obxectos ligados ao corpo, pode sinalarse tamén *Gafas. Mis gafas mágicas*, onde Luis Miguel Lázaro Lorente analiza as gafas como prótese óptica, mais tamén como experiencia identitaria. A chegada das primeiras lentes á vida infantil podía supor estigma, inseguridade ou fascinación, influíndo no rendemento escolar e na autopercepción. O autor vincula visión, aprendizaxe e afectividade nun relato que amosa como os obxectos máis persoais poden ser potentes dispositivos de significación.

Obxectos da escola e do fogar: o currículo doméstico e a aprendizaxe da feminidade

Moi boa parte dos capítulos da obra xiran arredor desta categoría, que inclúe referencias a: os costureiros, a mantelaría, os bastidores, os metros de costura, as máquinas de coser, as vaixelas infantís, as latas, as leiteiras, os bolsos limosneiros, os dedais, as mostras de bordado e as caixiñas de lata, entre outros. A súa lectura en conxunto revela a forza dun currículo doméstico implícito para as nenas que ensinaba a orde, a

paciencia, o sacrificio e un sentido da responsabilidade centrado no coidado dos outros. A escola reproducía, estimulaba e lexitimaba estes valores e actitudes, converténdoo en sinais de boa conduta e “destino” feminino.

Nesta liña pode destacarse, entre outros, *O Cabás. Antiga carteira de nenos e nenas para a escola*, de José Miguel Saiz Gómez, que permite rastrexar tradicións, diferenzas de clase e representacións de xénero mediante un obxecto de uso común. O autor mostra como a distinción de xénero e de clase xa non só se atopaba no interior do cabás, senón que as ilustracións que se plasmaban no seu exterior reproducían imaxes de nenas realizando labores domésticas, mentres que os de nenos incluían escenas de aventura ou xogo, contribuíndo así ao reforzo do currículo oculto que asociaba ás mulleres co rol doméstico e os coidados.

A Cesta escolar. La hora de la merienda, de Elena López Cruz, revisa a cesta escolar como obxecto asociado á alimentación infantil, reflexo da estrutura familiar e das desigualdades sociais. A partir da merenda como ritual escolar, a autora reconstrúe prácticas cotiás atravesadas polo xénero e a clase social. O capítulo destaca tamén a dimensión afectiva da cesta, como depósito de olores, lembranzas e rutinas, entre as que o obxecto converte nun arquivo emocional

da infancia con indicadores das condicións socioeconómicas das familias.

A través do capítulo *Costurero. Educación y cotidianidad femenina a la vera de un costurero: tejiendo redes de cuidado y sororidad*, Ana María de la Torre Sierra analiza o costureiro como “pequeno universo doméstico”, onde se concentraba unha parte fundamental da educación feminina. O texto explora redes de coidado, sororidade e ensinanzas silenciosas transmitidas entre mulleres. En *La controversia de los objetos: los costureros*, de Eulàlia Collelldemont Pujadas, a autora cuestiona o carácter ambiguo do costureiro: instrumento de opresión, si, mais tamén de creatividade, identidade e resistencia. Unha lectura crítica que complica o seu significado. Aínda, *Coser y cantar*, de Heliodoro Manuel Pérez Moreno, ofrece unha reflexión sobre o vínculo entre o acto de coser, o ritmo e a aprendizaxe, suxerindo a existencia dunha pedagogía propia do traballo manual.

En *Bastidor. La ropa bordada a mano, primoroso regalo*, Ana Capilla Serrano analiza o bastidor como ferramenta central do bordado, símbolo da paciencia, da precisión e da estética feminina. O capítulo contextualiza o bordado como disciplina educativa e como arte identitaria.

En *Álbum de bordados. Para mí, bordar en la escuela era un calvario*, María Nieves Gómez

García ofrece un relato sobre a dureza do bordado escolar, entre a repetición mecánica e a pouca marxe para a creatividade, poñendo o foco na carga emocional asociada. O bordado como parte esencial da educación para o fogar, é analizado por Bienvenido Martín Fraile en *La casa, lugar de la mujer*, onde se destacan os discursos ideolóxicos que sustentaban estas prácticas.

En *Dedal. El escudo (que no fue) de la bella durmiente*, de Carmen de la Mata Agudo, a autora interpreta o dedal como protección e como metáfora da ferida, revisitando a iconografía do conto clásico para analizar a disciplina doméstica imposta ás nenas. *El pequeño dedal* de Núria Padrós Tuneu ofrece unha lectura máis íntima do dedal, reivindicando a súa beleza humilde e o seu papel na vida cotiá das nenas.

En *Plancha. Una aliada de la disciplina*, Soledad García Gómez analiza a “plancha” escolar como ferramenta de adestramento doméstico, indispensable na educación feminina tradicional. O capítulo explora dimensións como a orde, a limpeza, a corrección corporal e a repetición, convertendo o obxecto nun símbolo da disciplina moral que se esperaba das nenas e propoñendo unha reflexión crítica sobre a naturalización de tarefas non elixidas.

Miriam Sonllewa Velasco analiza, en *Horario de escuela de niña. El tiempo escolar en clave de*

género, o horario escolar dunha escola de nenas do primeiro terzo do século XX como elemento privilexiado para entender como o tempo se convertía nun mecanismo de xestión do xénero. A autora mostra que non só importaban as materias e os contidos das mesmas, senón a súa distribución temporal: tempos longos para labores, relixión e urbanidade; tempos máis breves para ciencias, lectura comprensiva ou exercicios físicos. O horario revela así un currículo xerarquizado no que se prioriza a formación doméstica e moral sobre a intelectual. A análise evidencia como o reloxo escolar contribuíu a delimitar que era “apropiado” que soubese unha nena.

Campana escolar, de Manuel Hijano del Río, revisa a campá como símbolo da orde escolar e como organizadora do tempo institucional. O capítulo percorre desde contextos rurais a representacións televisivas, amosando a persistencia da campá como metáfora da disciplina moderna.

Obxectos da escritura e da lectura: alfabetización e silencio

Os capítulos dedicados a plumieres, tinteiros, *pizarríns*, abecedarios, álbums de caligrafía, enciclopedias Álvarez, libros de lectura para nenas e tamén aos cadernos de clase, entre outros, compoñen un itinerario sobre a alfabetización feminina como práctica de

disciplina e aprendizaxe. Escribir era aprender unha “boa” caligrafía, mais tamén aprender a calar, a copiar, a repetir, e a manter o orde interno e externo.

Varias das autorías destes capítulos sinalan que, paradoxalmente, estes obxectos —creados para a repetición mecánica— gardan hoxe a voz subxectiva das nenas a través de trazos, manchas, erros e anotacións marxinais: pegadas dun *eu* que emerxe entre as liñas.

A este respecto, en *Diario de clase. Mi diario de clase*, de Aure Daza Bonachella, reivíndicase o diario escolar como fonte histórica de valor incalculable, especialmente para reconstruír a experiencia feminina na escola. Aure analiza a escrita íntima como ferramenta de autocoñecemento e expresión emocional, nun contexto onde ás nenas se lles pedía obediencia máis ca voz propia.

Cuadernos escolares. ¿Una oportunidad para narrarse?, de Soledad Romero Rodríguez, examina os cadernos como espazos onde as nenas deixaron pegadas do seu pensamento, dos seus medos e das súas aprendizaxes. O capítulo destaca a súa riqueza como fonte histórica e reflexiona sobre como o traballo escolar podía funcionar como disciplinamento e/ou como oportunidade de autoescritura.

En *Libros de cuentos infantiles. Deleitar aprovechando*, Alejandro Mayordomo Pérez

revisa o papel dos contos infantís na transmisión de valores morais e modelos de feminidade. Explica como o “deleitar aproveitando” reproducía patróns conservadores, mais tamén como certas autoras e editoriais promoveron novos modelos de nena máis autónoma.

Manuales de higiene y economía doméstica. Higiene y economía para la gobernanza del hogar, la patria de la mujer, de Agustín Escolano Benito, analiza estes manuais como instrumentos de conformación ideolóxica, ao ensinar á muller “o seu lugar” no fogar e na sociedade. O capítulo ofrece unha lectura crítica e histórica, mostrando como a educación feminina estivo estreitamente ligada ao ideario nacionalcatólico. Por outra parte, o capítulo en *De la economía doméstica a la economía feminista*, de Trinidad Núñez Domínguez, contrapón os discursos tradicionais cos actuais enfoques feministas que revalorizan o traballo doméstico e propoñen unha lectura crítica da súa historia, formulando unha revisión contemporánea que dialoga co legado patriarcal.

Plumier. Mi propia historia y otras narraciones, de Jaime del Rey Tapia, recolle como o caixón da escritura infantil se converte aquí nun obxecto evocador da alfabetización, da orde escolar e da transición cara á escritura adulta, combinando análise histórica e memoria persoal, e destacando a dimensión simbólica da ferramenta.

En *Pizarrín. Qué grandes inventos fueron la pizarra y el pizarrín!*, Manuel Ferraz Lorenzo revisa o papel do *pizarrín* como ferramenta económica e eficaz para a alfabetización. Destaca o seu uso intensivo nas escolas de nenas e os seus efectos pedagóxicos e sociais. Reflexiona sobre a súa desaparición e sobre a materialidade da escrita.

En *Tinteros. De la escritura de las niñas en la escuela*, Ana Sebastián Vicent examina os tinteiros como peza clave da alfabetización e como símbolo da disciplina escolar, incidindo na experiencia feminina da escritura.

Por outra parte *Álbum de dibujos/diseños. El álbum y la mujer*, de María José Martínez Ruiz-Funes, examina os álbums de debuxo como espazos creativos e destaca o carácter íntimo e expresivo destas coleccións, ao tempo que analiza a tradicional infravaloración das artes ligadas ao traballo feminino. O texto reivindica o debuxo como voz propia das nenas e mozas, fronte a un sistema que enaltecía a reprodución mecánica e a decoración.

Alejandra Pacheco-Costa, en *Libro de música. La educación musical de la mujer: más allá de la buena educación*, revisa o papel do libro de música na socialización das nenas, tradicionalmente ligadas a unha práctica musical entendida como adorno, refinamento e “boa educación”. O capítulo analiza como, malia esta

concepción premeditadamente “decorativa”, a música puido ser para moitas mulleres un ámbito de realización persoal, profesionalización ou, cando menos, de formación e experiencia estética profunda. A autora chama a ampliar a mirada sobre a educación musical feminina, recoñecendo a súa potencialidade formativa.

Obxectos da relixión: moral, rituais e obediencia

Os capítulos sobre misais, crucifixos de primeira comunión, estampas, manuais de moral cristiá, manuais patrióticos con fondo relixioso, medallas de boa conduta ou vales de mérito, tamén teñen protagonismo na obra.

As autoras e autores poñen de relevo como estes obxectos construíron un modelo de feminidade baseado na pureza, a docilidade, a vocación maternal e a fidelidade. A relixión, a través da súa cultura material, operou como dispositivo de interiorización de roles de xénero, convertendo a virtude nunha forma de disciplina emocional.

É o caso do capítulo *Bolso Limosnero. Hernando VI disfrutando y yo con el bolso dando*, de Jorge Zarauza Castro, onde examina a cultura da caridade, a moda infantil e a educación sentimental das nenas. O capítulo amosa como o acto de “dar esmola” estruturaba un modelo de feminidade piadosa, discreta e servicial. Tamén analiza a estética e a función simbólica deste

pequeno bolso como accesorio ritual. Aínda, *Los secretos del bolso*, de Marina Ramos-Serrano, explora o bolso como depositario de intimidades, medos e pequenos tesouros. O capítulo combina análise sociolóxica e memoria afectiva, describindo o bolso como espazo privado nunha infancia marcada por normas estritas e escaseza na autonomía.

Misal. Amén: el rebaño con trenzas, de Francisco A. Gomera López, analiza o misal como símbolo da educación relixiosa feminina, reforzadora da docilidade e da obediencia. O capítulo é crítico coa visión infantilizada e “pastoral” das nenas.

Diploma honorífico de Educación Cristiana. Diplomas de honor y mérito, de Carmen Diego Pérez analiza o diploma honorífico como instrumento simbólico de avaliación moral empregado con especial intensidade na educación feminina, evidenciando como estes diplomas non recoñecían simplemente un logro escolar, senón unha conduta correcta conforme aos ideais de obediencia, pureza e docilidade promovidos pola escola nacionalcatólica. A autora examina o valor performativo destes documentos, que actuaban como recompensas e como mecanismos disciplinarios, reforzando un modelo de muller submisa.

Tamén, *Crucifijo de primera comunión. Conjungando más el sentir que el creer*, de María

Esther Martín Rubio, revisa o crucifixo como obxecto ritual que consolidaba a identidade relixiosa e de xénero na entrada á adolescencia das mulleres.

Obxectos do lecer: xogos que socializan, xogos que modelan

A lectura conxunta dos capítulos destinados ás bonecas, ás bonecas de cartón pedra, aos recortables, ás buxainas, aos patíns, aos diábolos, aos saltadores e xoguetes domésticos, revela que o xogo non era un espazo neutro, senón un laboratorio de socialización onde se asignaban funcións, destinos e afectos diferenciados.

Os xogos asignados ás nenas, estaban ligados ao fogar, ás bonecas, á beleza; para os nenos reservábase a aventura, a acción e a técnica. Mais algúns capítulos amosan tamén pequenos recunchos de resistencia: nenas que usaban buxainas ou patíns para romper expectativas; ou nenas que creaban modos de xogar non previstos polas persoas adultas.

En *Muñecas de cartón piedra. Entre el juego y el sesgo de género*, Sara González Gómez, analiza as bonecas de cartón pedra como obxectos de socialización tradicional feminina. O capítulo explica como o xogo coa boneca reproducía modelos de maternidade precoz, orde doméstica e afectividade regulada. A autora interpreta a función disciplinante do obxecto nun

contexto no que ás nenas se lles inculcaba, desde moi cedo, o desexo de coidar e servir. O texto destaca tamén a beleza artesanal destas bonecas e a súa evolución industrial, mostrando en paralelo a este proceso as tensións entre o xogo libre e o adoutramento.

Muñecas. Un juego de niñas, de Gabriel Parra Nieto, continúa a reflexión sobre o simbolismo da boneca, examinando a súa aparición na escola, a súa utilización pedagóxica e a súa omnipresenza na infancia das nenas. A boneca serve aquí como condensador dos discursos culturais que definían o destino feminino: o fogar, a crianza, a beleza ou a delicadeza, comprendendo á boneca como un xogo e, ao tempo, unha ferramenta de adestramento emocional e moral. En *Yo siempre quise ser peluquera*, de Nieves Márquez Luque, a autora ofrece un testemuño en primeira persoa onde analiza como determinados xogos infantís influíron nos soños profesionais das nenas, limitados polo espectro permitido socialmente. O capítulo achega unha capa autobiográfica que enriquece o volume, revelando como a educación sentimental e lúdica configuraban aspiracións atravesadas polo xénero.

Cromos. Universo de un juego, de Isabel Orellana Vilches, explora o mundo dos cromos como práctica colectiva, económica e social, mostrando como ese xogo operaba en tanto que microespazo de relacións de poder, intercambio e pertenza, ao tempo que marcaba diferenzas de

xénero: os cromos “para nenas” reforzaban intereses ligados ao eido doméstico (moda, coidados, romanticismo), mentres os destinados aos nenos promovían aventura, tecnoloxía e acción.

En *Vajilla infantil. El tesoro*, Luis Medina Ramírez ofrece unha lectura afectiva da vaixela infantil como obxecto transmisor de memoria familiar. O capítulo reconstrúe momentos de xogo, aprendizaxe e relación materno-filial. A vaixela aparece tamén como un complexo de “domesticación simbólica” das nenas, introducindo prácticas culinarias e de servizo desde idades moi temperás.

Obxectos da ciencia e da modernidade: ollar o mundo doutros xeitos

Un conxunto máis reducido de pezas —o microscopio, a lámina do aparello reprodutor feminino, o proxector de cine ou algúns instrumentos de debuxo técnico— introducen na obra as tensións entre modernidade e tradición, ao presentar obxectos que anuncian posibilidades de acceso das nenas á cultura científica, aínda que moitas veces limitadas ou filtradas por discursos morais.

Especialmente reveladores son os capítulos que contrastan a potencia dun instrumento científico coa pobreza explicativa dos materiais: a ciencia aparecía, para as nenas, desexable pero incompleta. É significativo o capítulo dedicado á

lámina do aparello reprodutor feminino, onde Ana Rivero analiza como estes materiais presentaban unha visión incompleta e moralista do corpo da muller, onde a reprodución eclipsaba calquera explicación posible relacionada coa sexualidade. O contraste entre esta lámina e o capítulo final sobre o *microscopio*, onde Paula Daza recoñece o seu desexo infantil de ser astronauta, revela a distancia entre o que a escola ofrecía ás nenas e o que algunhas soñaban ser.

Juego de pesas. La Historia se pesa, de Olga María Duarte Piña, permite reflexionar sobre o lugar das nenas na aprendizaxe científica. Duarte Piña aborda como as pesas escolares foron empregadas nunha educación que frecuentemente excluía ás rapazas dos saberes experimentais. O capítulo destaca a importancia pedagóxica da medición, o cálculo e a manipulación de obxectos, e reivindica a presenza feminina na cultura científica da escola.

Achegas á Historia da Educación: innovación metodolóxica, museoloxía crítica e memoria das voces silenciadas

A obra destaca polo seu rico enfoque interdisciplinar, entre a historia cultural, a museoloxía educativa, os estudos de xénero, e a memoria e a cultura material. A recuperación de obxectos modestos —moitos deles ausentes dos *notados* relatos históricos— permite trazar unha historia “desde abaixo”, centrada no cotiá, no

doméstico e nas mulleres. Contribúe pois a desmontar a visión androcéntrica da historia escolar, visibilizando as tarefas tradicionalmente levadas a cabo por nenas e mulleres; as restricións e limitacións educativas impostas polos discursos patriarcais; a creatividade e as estratexias de resistencia; e, aínda, a importancia dos obxectos como dispositivos pedagóxicos.

O libro é tamén un manifesto museográfico, pois propón que os museos pedagóxicos non deben limitarse a exhibir obxectos, senón tamén a interpretalos desde experiencias e sensibilidades diversas, sendo en si mesmo unha mostra disto. A museoloxía da educación aparece aquí como mediación de transformación social e de reivindicación da igualdade, onde cada peza funciona como un microtestemuño que completa unha memoria histórica feminina moitas veces fragmentaria. A obra logra converter, deste modo, a cultura material en arquivo emocional colectivo.

Onde a memoria se acende a través dos obxectos

Patrimonio histórico educativo en feminino preséntase como unha obra necesaria para a Historia da Educación contemporánea, non só polo abano de fontes materiais que recupera, senón pola forma en que nos ensina a observalas e escoitalas. O libro non amplía unicamente o corpus documental sobre a cultura escolar feminina, senón que contribúe a ampliar

a nosa capacidade mesma de ver, convidándonos a entrar —con humildade e con asombro— nun territorio onde os obxectos falan, as memorias se reavivan e o pasado cobra unha densidade emocional inesperada.

A lectura deste volume demostra que o patrimonio educativo é moito máis ca un catálogo de pezas; é un espazo de resonancia afectiva, un arquivo vivo no que latexa a experiencia das nenas e das mulleres que, durante décadas, habitaron a escola, o fogar e a fronteira difusa entre ambos. O ton literario de moitos capítulos —esa escrita que non se limita a describir, senón que evoca, interpela e emociona— devolve aos obxectos a súa vibración humana, facendo que o acto de ler se converta nun exercicio de escoita.

Este estilo híbrido, a medio camiño entre o ensaio académico, a memoria persoal e a narración poética, traza un estilo propio que permite recuperar a dimensión íntima dunha cultura material tradicionalmente invisibilizada e amosa como a vida das mulleres non pode separarse das cousas que as acompañaron. A afectividade, tan presente na obra, convértese así nun método de coñecemento.

Como lembra Rocamora no capítulo do *botixo*, cada mañá en que levaba auga ás súas alumnas leváballes tamén “o que sabía e incluso o que se lle escapaba”, coa esperanza de que aquelas pequenas gotas se convertesen un día

en océano. Este libro procede do mesmo modo: ofrece pequenos fragmentos, humildes pezas, restos mínimos dunha vida escolar feminina que, ao reunirse, forman un mar completo de memoria. Entrar nel é entrar nun pasado educativo que xa non existe, pero que segue ensinando.

Uxía BOLAÑO AMIGO

Universidade de Santiago de Compostela